



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 187

VIII legislatura

9 de marzo de 2010

Fascículo 2

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.3. Proposicións de lei de iniciativa popular

Emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei de iniciativa legislativa popular de fomento do sector naval de Galicia [- 08/PPLI-0003(261)]

- Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 25689) [54664](#)
- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 25698) [54667](#)

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

3.6.2.3. Proposicións aprobadas

- 08/PNC-0504 (19080)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier e 2 deputados máis

Sobre o remate no ano 2010 do cumprimento do convenio asinado entre o Concello de Ourense e a Administración hidráulica de Galicia para o abastecemento e saneamento no perímetro rural de Ourense [54658](#)

- 08/PNC-0367 (10932)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Táboas Veleiro, María Teresa

Sobre a continuación pola Xunta de Galicia co programa posto en marcha polo Goberno bipartito de naves modulares en alugueiro con opción de compra a dez anos nos parques empresariais [54658](#)

- 08/PNC-0534(20788)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Novoa López, Enrique e 6 deputados máis

Sobre a construción dun acceso á autovía AG-53 desde a N-120, ao seu paso pola parroquia ourensá de Santa Cruz de Arrabaldo [54658](#)

- 08/PNC-0460 (15793)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 3 deputados máis

Sobre a recuperación do proxecto de construción do futuro cinto industrial Cervo-Xove no contorno da empresa multinacional Alcoa

[54659](#)

- 08/PNC-0181 (4580)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a rehabilitación de diversos elementos da catedral de San Martiño de Ourense e, especificamente, do seu pórtico do Paraíso

[54659](#)

- 08/PNC-0399 (12736)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio Javier

Sobre a elaboración dunha nova lei, dun mapa e dun plan de bibliotecas

[54659](#)

- 08/PNC-0400(12737)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio Javier

Sobre a posta en marcha dun rexistro para proxectos de dixitalización do patrimonio bibliográfico e documental galego, así como a elaboración e publicación dunhas directrices para proxectos de dixitalización e elaboración de metadatos

[54659](#)

- 08/PNC-0233 (5876)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique e Táboas Veleiro, María Teresa

Sobre a paralización das obras na Plataforma Loxística e Industrial Salvaterra-As Neves (PLISAN)

[54660](#)

- 08/PNC-0369 (11016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 2 deputados máis

Sobre a posta en marcha de medidas para incentivar a realización de obra pública e a utilización desta de material procedente da minaría galega, así como o asinamento de convenios nas diferentes administracións, autonómica, provincial e municipal, emulando o existente entre o sector da pedra natural e o Concello de Vigo

[54660](#)

- 08/PNC-0402(12816)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ruíz Rivas, Manuel Santos

Sobre a continuación coas axudas e apoios necesarios para a recuperación, rehabilitación e posta en valor das minas de San Finx e

para a concesión dun obradoiro de emprego co fin de posibilitar a súa musealización

[54660](#)

- 08/PNC-0459 (15725)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Barros Sánchez, Natalia e 6 deputados máis

Sobre a exención polo Goberno central do incremento previsto no Imposto do Valor Engadido, durante o Ano Xacobeo 2010, ás empresas do sector turístico galego

[54660](#)

- 08/PNC-0414 (13369)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma e 6 deputados máis

Sobre as actuacións para levar a cabo co fin de minimizar os danos provocados polos xabarís nos cultivos agrarios

[54661](#)

3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

- 08/PNC-0355 (10344)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier

Sobre a execución do proxecto e o inicio das obras da autovía libre de peaxe AG-59 entre A Ramallosa e A Estrada, así como a conexión dos concellos de Forcarei e Cercedo coa Estrada

[54661](#)

- 08/PNC-0224 (5808)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre o cumprimento da normativa vixente e a mellora e o reforzamento da formación permanente do profesorado

[54661](#)

- 08/PNC-0277(7791)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Barcón Sánchez, María del Mar e 3 deputados máis

Sobre a execución das obras de mellora comprometidas e outras necesarias nos centros educativos do concello da Coruña

[54661](#)

- 08/PNC-0572(23045)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 4 deputados máis

Sobre o equipamento e acondicionamento do centro de día e da residencia do concello de Parada de Sil

[54661](#)

- 08/PNC-0107 (2353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quintas Álvarez, María Remedios e 2 deputados máis

Sobre a posta en marcha dos mecanismos necesarios para dotar a Comunidade Autónoma de Galicia dunha nova lei de ordenación do comercio interior [54662](#)

- 08/PNC-0171(4395)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique

Sobre a necesidade dun plan sectorial territorial de equipamento comercial de Galicia [54662](#)

- 08/PNC-0444 (14669)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia e Soneira Tajés, María Soledad

Sobre a continuación co impulso da constitución das unidades de xestión forestal (uxfor) como sistema de reorganización da propiedade forestal co fin de acadar un mellor aproveitamento e valorización do monte, así como das obras de infraestruturas de apoio naquelas que xa teñan iniciado o proceso de constitución [54662](#)

- 08/PNC-0556(22242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a execución das obras previstas no Plan especial de infraestruturas na comarca vitivinícola da Denominación de Orixe Valdeorras nos concellos do Barco de Valdeorras e da Rúa [54662](#)

- 08/PNC-0570(23016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a adopción de medidas para a recuperación produtiva do polbo e a viabilidade da frota pesqueira de baixura dedicada á captura desta especie [54662](#)

7. Composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

7.1. Composición do Parlamento e os seus órganos

7.1.5. Composición das comisións

Elección secretaria/o da Mesa da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos [54662](#)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.3. Proposicións de lei de iniciativa popular

Emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular de fomento do sector naval de Galicia

A Mesa da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na reunión do 8 de marzo de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación de emendas:

- 08/PPLI-0003(261)

Comisión promotora da PPLI de fomento do sector naval de Galicia

De iniciativa lexislativa popular de fomento do sector naval de Galicia

BOPG núm. 7, do 23.04.2009

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado (un total de 19)

– Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 25689)

– Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 25698)

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2010

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

3.6.2.3. Proposicións aprobadas

A Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na reunión do 11 de febreiro de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións:

- 08/PNC-0504 (19080)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier e 2 deputados máis

Sobre o remate no ano 2010 do cumprimento do convenio asinado entre o Concello de Ourense e a Administración hidráulica de Galicia para o abastecemento e saneamento no perímetro rural de Ourense

BOPG núm. 165, do 05.02.2010

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a rematar no vindeiro ano 2010 o que queda do cumprimento íntegro do convenio de abastecemento e saneamento no perímetro rural de Ourense asinado entre o concello e a Administración hidráulica de Galicia."

Aprobación por unanimidade con modificacións:

- 08/PNC-0367 (10932)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Táboas Veleiro, María Teresa

Sobre a continuación pola Xunta de Galicia co programa posto en marcha polo Goberno bipartito de naves modulares en alugueiro con opción de compra a dez anos nos parques empresariais

BOPG núm. 99, do 22.10.2009

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar co programa de construír naves modulares en alugueiro con opción de compra a dez anos nos parques desenvolvidos pola Administración autonómica nos que exista demanda contrastada das ditas naves, para apoiar ás pemes galegas no actual contexto de crise e escaseza crediticia."

- 08/PNC-0534(20788)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Novoa López, Enrique e 6 deputados máis

Sobre a construción dun acceso á autovía AG-53 desde a N-120, ao seu paso pola parroquia ourensá de Santa Cruz de Arrabaldo

BOPG núm. 165, do 05.02.2010

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar os estudos previos para establecer a necesidade e viabilidade dunha posible conexión de acceso á AG-53 desde a N-120 ao seu paso pola parroquia ourensá de Santa Cruz de Arrabaldo."

Aprobación sen modificacións:

- 08/PNC-0460 (15793)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 3 deputados máis

Sobre a recuperación do proxecto de construción do futuro cinto industrial Cervo-Xove no contorno da empresa multinacional Alcoa

BOPG núm. 136, do 15.12.2009

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a recuperar o proxecto de construción do futuro cinto industrial Cervo-Xove –no contorno de Alcoa–, xa que constitúe unha infraestrutura básica para o futuro desenvolvemento económico das bisbarras da Mariña lucense, moi positiva para a xeración de novas oportunidades de emprego e para achegar ou consolidar a presenza de múltiples proxectos empresariais."

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2010

Ricardo Jacinto Varela Sánchez

Vicepresidente 2.º

A Comisión 4.^a, Educación e Cultura, na reunión do 4 de febreiro de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións:

- 08/PNC-0181 (4580)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a rehabilitación de diversos elementos da catedral de San Martiño de Ourense e, especificamente, do seu pórtico do Paraíso

BOPG núm. 54, do 12.08.2009

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a iniciar as actuacións necesarias para a rehabilitación da catedral de San Martiño de Ourense, e especificamente do seu Pórtico do Paraíso, no prazo de catro meses."

Aprobación sen modificacións:

- 08/PNC-0399 (12736)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio Javier

Sobre a elaboración dunha nova lei, dun mapa e dun plan de bibliotecas

BOPG núm. 113, do 11.11.2009

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que, no ano 2010:

- 1.- Presente unha nova Lei de bibliotecas
- 2.- Inicie a elaboración dun mapa de bibliotecas
- 3.- Inicie a elaboración dun plan de bibliotecas."

- 08/PNC-0400(12737)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López-Chaves Castro, Ignacio Javier

Sobre a posta en marcha dun rexistro para proxectos de dixitalización do patrimonio bibliográfico e documental galego, así como a elaboración e publicación dunhas directrices para proxectos de dixitalización e elaboración de metadatos

BOPG núm. 113, do 11.11.2009

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que, a través da Biblioteca de Galicia, asuma un papel de coordinación e elaboración de normativas para proxectos de dixitalización e para iso:

1. Poña en marcha un rexistro para proxectos de dixitalización
2. Elabore e publique unhas directrices para proxectos de dixitalización."

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2010

Ricardo Jacinto Varela Sánchez

Vicepresidente 2.º

A Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na reunión do 11 de febreiro de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións:

- 08/PNC-0233 (5876)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Viéitez Alonso, Henrique e Táboas Veleiro, María Teresa
Sobre a paralización das obras na Plataforma Loxística e Industrial Salvaterra-As Neves (PLISAN)
BOPG núm. 67, do 04.09.2009

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que lles dea orde ás empresas concesionarias das obras de urbanización da parte correspondente á Administración autonómica e á das obras relacionadas coa dotación de servizos xerais para toda a PLISAN, co obxecto de recuperar o ritmo adecuado e poder poñer á disposición do tecido empresarial solo industrial e loxístico no menor tempo."

Aprobación por unanimidade con modificacións:

- 08/PNC-0369 (11016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 2 deputados máis
Sobre a posta en marcha de medidas para incentivar a realización de obra pública e a utilización nesta de material procedente da minaría galega, así como o asinamento de convenios nas diferentes administracións, autonómica, provincial e municipal, emulando o existente entre o sector da pedra natural e o Concello de Vigo
BOPG núm. 103, do 28.10.2009

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Poñan en marcha medidas para incentivar a realización de obra pública e que nesta promovan e fomenten a utilización de material procedente da minaría galega.

2. Que propicien a firma de convenios nas diferentes administracións, autonómica, provincial e municipal, dentro da nor-

mativa que rexe a contratación pública, emulando o xa existente entre o sector da pedra natural e o Concello de Vigo."

- 08/PNC-0402(12816)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Ruíz Rivas, Manuel Santos
Sobre a continuación coas axudas e apoios necesarios para a recuperación, rehabilitación e posta en valor das minas de San Finx e para a concesión dun obradoiro de emprego co fin de posibilitar a súa musealización
BOPG núm. 113, do 11.11.2009

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que en colaboración cos concellos de Lousame, Vila de Cruces e Carballeda de Valdeorras, continúe coas axudas e apoios necesarios para a recuperación, rehabilitación e posta en valor das minas de San Finx, Fontao e Casaio, como paso previo e necesario para posibilitar a musealización da que é merecente ese importante legado de arqueoloxía industrial."

Aprobación sen modificacións:

- 08/PNC-0459 (15725)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Barros Sánchez, Natalia e 6 deputados máis
Sobre a exención polo Goberno central do incremento previsto no Imposto do Valor Engadido, durante o Ano Xacobeo 2010, ás empresas do sector turístico galego
BOPG núm. 136, do 15.12.2009

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que exima as empresas do sector turístico de Galicia durante o Ano Xacobeo 2010 do incremento previsto no IVE."

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2010

Ricardo Jacinto Varela Sánchez

Vicepresidente 2.º

A Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na reunión do 4 de marzo de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación con modificacións:

- 08/PNC-0414 (13369)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Álvarez Chao, María Emma e 6 deputados máis

Sobre as actuacións para levar a cabo co fin de minimizar os danos provocados polos xabarís nos cultivos agrarios

BOPG núm. 118, do 18.11.2009

O texto aprobado é o seguinte:

" O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar o control da poboación de xabarís que habitan en zonas de especial interese agrario coa colaboración das sociedades de caza de Galicia.

2. Estudar o desbloqueo de zonas de caza restrinxidas na actualidade que son de interese agrario e que actuán como refuxios de camadas destes animais.

3. Crear un plan de actuacións específicas con medidas concretas encamiñadas a minimizar os danos provocados polos xabarís nas colleitas e facer partícipes os sindicatos agrarios, os representantes dos cazadores e os grupos conservacionistas.

4. Publicar a orde de axudas do ano 2010 para paliar os danos do xabariño coa maior brevidade posible cun orzamento mínimo de 250.000 euros."

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2010

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

A Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na reunión do 11 de febreiro de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-0355 (10344)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier

Sobre a execución do proxecto e o inicio das obras da auto-vía libre de peaxe AG-59 entre A Ramallosa e A Estrada, así como a conexión dos concellos de Forcarei e Cercedo coa Estrada

BOPG núm. 99, do 22.10.2009

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2010

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

A Comisión 4.ª, Educación e Cultura, na reunión do 4 de febreiro de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-0224 (5808)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre o cumprimento da normativa vixente e a mellora e o reforzamento da formación permanente do profesorado

BOPG núm. 67, do 04.09.2009

- 08/PNC-0277(7791)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Barcón Sánchez, María del Mar e 3 deputados máis

Sobre a execución das obras de mellora comprometidas e outras necesarias nos centros educativos do concello da Coruña

BOPG núm. 80, do 23.09.2009

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2010

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 5 de marzo de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-0572(23045)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 4 deputados máis

Sobre o equipamento e acondicionamento do centro de día e da residencia do concello de Parada de Sil

BOPG núm. 174, do 18.02.2010

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2010

Ricardo Jacinto Varela Sánchez

Vicepresidente 2.º

A Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na reunión do 11 de febreiro de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-0107 (2353)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quintas Álvarez, María Remedios e 2 deputados máis

Sobre a posta en marcha dos mecanismos necesarios para dotar a Comunidade Autónoma de Galicia dunha nova lei de ordenación do comercio interior

BOPG núm. 35, do 18.06.2009

- 08/PNC-0171(4395)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique

Sobre a necesidade dun plan sectorial territorial de equipamento comercial de Galicia

BOPG núm. 54, do 12.08.2009

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2010

Ricardo Jacinto Varela Sánchez

Vicepresidente 2.º

A Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na reunión do 4 de marzo de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento das iniciativas:

- 08/PNC-0444 (14669)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Verdes Gil, Sonia e Soneira Tajés, María Soledad

Sobre a continuación co impulso da constitución das unidades de xestión forestal (uxfor) como sistema de reorganización da propiedade forestal co fin de acadar un mellor apro-

veitamento e valorización do monte, así como das obras de infraestruturas de apoio naquelas que xa teñan iniciado o proceso de constitución

BOPG núm. 133, do 11.12.2009

- 08/PNC-0556(22242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a execución das obras previstas no Plan especial de infraestruturas na comarca vitivinícola da Denominación de Orixe Valdeorras nos concellos do Barco de Valdeorras e da Rúa

BOPG núm. 169, do 11.02.2010

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2010

Ricardo Jacinto Varela Sánchez

Vicepresidente 2.º

A Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo, na reunión do 4 de marzo de 2010, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa:

- 08/PNC-0570(23016)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a adopción de medidas para a recuperación produtiva do polbo e a viabilidade da frota pesqueira de baixura dedicada á captura desta especie

BOPG núm. 174, do 18.02.2010

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2010

Ricardo Jacinto Varela Sánchez

Vicepresidente 2.º

7. Composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

7.1. Composición do Parlamento e os seus órganos

7.1.5. Composición das comisións

A Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do día 25 de febreiro de 2010, adoptou o seguinte acordo:

Elección secretario

- 08/CEEM-0025

Elección secretario ou secretaria da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Dona María Remedios Quintas Álvarez

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2010

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA LEXISLATIVA
POPULAR DE FOMENTO DO SECTOR NAVAL DE GALICIA (NUM. EXPE.
08/PPLI-0003).**

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Débase substituir o texto do artigo 1, polo que segue a continuación:

"O sector naval de Galicia, integrado polo conxunto de estaleiros e da súa industria auxiliar, constitúe, nos termos establecidos pola presente Lei, un sector productivo estratéxico para a economía de Galicia."

Emenda nº2, de Substitución. Artigo 2

Débase substituir o texto do artigo 2, polo que segue a continuación:

"A Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias e de conformidade coa normativa estatal e comunitaria de aplicación, fomentará e impulsará actuacións nos seguintes eidos:

- Investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación.
 - Formación profesional.
 - Establecemento das garantías necesarias para a construción naval.
 - Mellora da competitividade dos estaleiros e da industria auxiliar."
-

Emenda nº3, de Substitución. Artigo 3

Débase substituir o texto do artigo 3, polo que segue a continuación:

"A Xunta de Galicia favorecerá o establecemento dun novo marco de axudas a nivel Comunitario e estatal dirixidas ao sector naval galego. Asemade, a Xunta de Galicia realizará as actuacións necesarias para conseguir o desenvolvemento industrial dos activos titularidade de empresas estatais integradas no sector naval de Galicia que non teñan actividade."

Emenda nº4, de Substitución. Artigo 4

Débese substituir o texto do artigo 4, polo que segue a continuación:

"A Xunta de Galicia instará ó Goberno de España a que, aproveitando a presidencia de España na Unión Europea, resolva ante a Unión Europea que as instalacións do astaleiro de Navantia Fene poidan adicarse tamén á construción e reparación de buques civís."

Emenda nº5, de Substitución. Artigo 5

Débese substituir o texto do artigo 5, polo que segue a continuación:

"Co fin de garantir unha axeitada aplicación das medidas contempladas nesta Lei, a Xunta de Galicia someterá tódalas súas actuacións á Mesa sectorial do naval emanada do diálogo social."

Emenda nº6, de Substitución. Disposición derradeira primeira

Débese substituir o texto da Disposición derradeira primeira, polo que segue a continuación:

"De conformidade co establecido no artigo 3, a Xunta de Galicia desenvolverá as actuacións precisas para lograr poñer en valor os activos do estaleiro de Navantia no concello de Fene co fin de que volvan a xerar emprego e a dinamizar a actividade industrial na zona."



Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Ruíz Rivas na data 26/02/2010 13:24:43

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA
LEXISLATIVA POPULAR DE FOMENTO DO SECTOR NAVAL DE GALICIA
(NUM. EXPE. 08/PPLI-0003).**

Emenda nº1, de Modificación. Artigo 1

"A efectos da presente Lei, se entende por sector naval o conxunto de empresas que teñen por obxecto a construción, reparación, reciclaxe e transformación de buques e outros artefactos flutuantes e as súas actividades auxiliares, incluíno a súa inxeneiría de procesos e as actividades de fabricación e comercialización de motores, turbinas, equipos, maquinaria e acesorios específicos para buques. O sector naval de Galicia constitúe un sector produtivo estratéxico para a economía de Galicia."

Emenda nº2, de Modificación. Artigo 2

"Dentro dos programas específicos de fomento ao sector naval, no Plan se establecerán, canto menos, os ámbitos que a seguir se relacionan:"

Emenda nº3, de Adición. Artigo 2

Adición dun novo artigo 2. bis, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 2. bis.

O procedemento para a aprobación do Plan estratéxico para o sector naval de Galicia se axustará ao seguintes trámites: será aprobado inicialmente polo consello da Xunta de Galicia, para inmediatamente ser exposto polo prazo dun mes a información pública, mediante o correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia. No mesmo prazo se realizará a audiencia ás entidades locais afectadas, así como aos empresarios e sindicatos representativos do sector, ao tecido asociativo, ao clúster do sector naval e á plataforma tecnolóxica do naval.

O consello da Xunta de Galicia, logo do informe da consellería competente en materia económica sobre as alegacións ou reclamacións presentadas, aprobará definitivamente o "Plan estratéxico para o sector naval de Galicia", publicando dita aprobación no Diario Oficial de Galicia. Previamente a esta aprobación definitiva será remitido ao Parlamento de Galicia para o seu exame."

Emenda nº4, de Adición. Artigo 2

Adición dun novo artigo 2. ter, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 2. ter.

Para o seguimento do "Plan estratéxico para o sector naval de Galicia", así como dos programas co mesmo relacionados e realizados dende a Xunta de Galicia, se crea unha Comisión de Seguimento. Nesta Comisión participarán, ademais dos departamentos da Xunta de Galicia implicados, os axentes sociais e empresariais representativos do sector, así como unha representación dos concellos afectados, o tecido asociativo, o clúster do sector naval e a plataforma tecnolóxica do naval.

A devandita Comisión, que será presidida polo conselleiro de economía e industria da Xunta de Galicia, deberá reunirse, con carácter mínimo, unha vez cada catro meses.

A Comisión de Seguimento poderá establecer igualmente subcomisións tanto no que respecta a distintas áreas territoriais que o Plan estableza, así como polas diversas cuestións de natureza específica ou particular que acorde desenvolver. En todo caso se establecerá tamén para estas subcomisións unha composición que garante a participación de todos os sectores afectados."

Emenda nº5, de Adición. Artigo 2

Engadir ao principio do artigo 2, o seguinte contido:

"Co obxecto de regular a implantación e características das instalacións navais de toda índole en Galicia definidas en relación á presente lei, así como establecer a súa incidencia no territorio, a vez que incentivar a actividade e o emprego deste sector e manter e ampliar o seu tecido industrial, a iniciativa da Xunta de Galicia será promovido, aprobado e desenvolto o "Plan estratéxico para o sector naval de Galicia".

A elaboración e impulso do devandito Plan correspóndelle a consellería competente en materia de economía e industria da Xunta de Galicia, que deberá contemplar, canto menos, as cuestións relativas as políticas estratéxicas para o sector, obxectivos, compromisos de xestión, plans operativos programas específicos de fomento e mellora, así como os investimentos necesarios.

Definirá igualmente as diferentes áreas territoriais que poidan establecerse en Galicia e súas anualidades específicas."

Emenda nº6, de Modificación. Artigo 4

Onde di: "...establecido no artigo 55 do Estatuto de...", debe dicir: "... establecido no Estatuto de..."

Emenda nº7, de Modificación. Artigo 4

Onde di:" ..a Xunta de Galicia:

1. Negociará co Estado a súa participación directa na xestión das empresas públicas estatais integradas no sector naval de Galicia e que, pola súa natureza, non podan ser obxecto de traspaso.

2. Negociará co Estado o traspaso..."
Debe dicir: "... a Xunta de Galicia negociará co Estado a súa participación directa na xestión das empresas públicas estatais integradas no sector naval de Galicia e que, pola súa natureza, non podan ser obxecto de traspaso. Igualmente negociará co Estado o traspaso..."

Emenda nº8, de Supresión. Artigo 5

Debe suprimirse o artigo 5.

Emenda nº9, de Adición. Disposición derradeira primeira

Adición dunha nova disposición transitoria primeira, que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición transitoria primeira.

No prazo máximo de catro meses o consello da Xunta de Galicia procederá a aprobación inicial do Plan estratéxico para o sector naval de Galicia, que deberá estar aprobado de xeito definitivo no presente ano 2010."

Emenda nº10, de Adición. Disposición derradeira primeira

Adición dunha nova disposición transitoria primeira bis., que quedará redactada co seguinte contido

"Disposición transitoria primeira bis.

O Plan estratéxico para o sector naval de Galicia estará dotado cunha cuantía inicial e suplementaria por parte da Xunta de Galicia de tres millóns de euros."

Emenda nº11, de Adición. Disposición derradeira segunda

Adición dunha nova disposición derradeira primeira bis., que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición derradeira primeira bis.

A Xunta de Galicia e a consellería competente en materia de economía, no ámbito das súas respectivas competencias, ditarán as normas que requiran o desenvolvemento e aplicación desta lei."

Emenda nº12, de Supresión. Exposición de motivos

Debe suprimirse os parágrafos 2 ao 15 e 18 ao 20, todos inclusive.

Emenda nº13, de Adición. Exposición de motivos

Adición dun novo parágrafo 21, bis, que quedará redactado co seguinte contido:



"A Lei introduce igualmente un "Plan estratéxico para o sector naval de Galicia", como marco xeral para lograr o reforzamento e mellora do sector, a vez que garante a efectiva participación dos axentes e institucións integrantes do mesmo, dos sindicatos e empresas máis representativas, así como do clúster do naval e a plataforma tecnolóxica do naval, tanto para a elaboración do devandito Plan como para o seu control posterior, a través dunha Comisión de Seguimento."

Asinado dixitalmente por:

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/02/2010
13:30:39**



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727